

## As primeiras aldeas

Para cultivar as plantas e coidar o gando, as tribos tiñan que vivir preto das terras e dos animais. Por iso, asentáronse nun lugar fixo, é dicir, convertéronse en **sedentarias** e formaron **aldeas**. ①

As aldeas situábanse preto da beira dos ríos para ter un fácil acceso á auga. Algunhas construían arredor estacadas ou muros para defenderse de ataques.

Os homes e as mulleres fóronse especializando nun traballo: uns fixéronse agricultores, outros gandeiros e outros artesáns.

## Os primeiros artesáns

Nesta época elaborábanse ferramentas de **pedra puida**, máis afiadas e duradeiras ca as de pedra labrada.

As persoas fixeron ferramentas para cultivar o terreo: **aixadas** para remover a terra, **fouces** para cortar as espigas e **muiños de man** para esmiazar o cereal.

No Neolítico producíronse dous inventos: a cerámica e o tear.

- A cerámica fabricábase con barro, que se modelaba coas mans e despois cocíase en fogueiras ou en fornos. Elaboraron vasillas para gardar e conservar a colleita, olas para cociñar, e pratos e cuncas para comer e beber.
- O **tear** permitiu tecer e confeccionar tecidos con la ou con liño.

No Neolítico, o ser humano comezou a cultivar plantas e a domesticar e criar animais. As persoas fixéronse sedentarias e formaron aldeas. Producíronse dous inventos: a cerámica e o tear.

### SABER MÁIS

#### Como elaboraban a cerámica



O proceso de fabricación da cerámica no Neolítico era o seguinte:

- Primeiro, **modelaban** á man a arxila fresca.
- Despois, **decoraban** os obxectos con liñas ou con figuras xeométricas.
- Por último, **cocían** o obxecto en pequenos fornos ou nunha fogueira.



### ACTIVIDADES

- 1 Copia e completa a táboa.

	Paleolítico	Neolítico
Onde vivían?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Que comían?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Que ferramentas utilizaban?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Como vestían?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Que facían?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- 2 Explica por que no Neolítico se fabricaron novas ferramentas, como as aixadas.

Intelixencia lingüística

101

### NOTAS

Ánimo estades traballando moi ben e debeses seguir así para aprender moitas cousas aínda que sexa dende o confinamento.

É preciso ter unha rutinas de traballo, poñervos a traballar sempre as mesmas horas e preferentemente polas mañás coma se estiverades



Lembrede que teredes que ir lendo as follas anteriores e estudiando o resumen que vos facilito para saber ben o tema.

É moi importante ler as follas anteriores antes de comezar coas novas e ter as ideas claras para non confundir as etapas da prehistoria.

## Solucionario

1 **Paleolítico.** Vivían en tribos, ao aire libre, en covas ou en chozas. Comían carne, peixes e froitos silvestres. As súas ferramentas eran de pedra, xeralmente de sílex (bilaces, coite-

los, puntas de frecha para cazar...) ou óso (arpóns para pescar e agullas). Vestían con peles de animais. Eran nómades, pescaban, curtían peles, cazaban, recollían froitos, facían pinturas rupestres, elaboraban ferramentas...

**Neolítico.** Vivían en aldeas. Comían carne, peixes, leite, trigo e arroz. Usaban ferramentas de pedra puida: aixadas, fouces, muiños de man, teares. Ademais de peles, tecían roupa de liño e la para vestirse. Cultivaban plantas, criaban animais, creaban cerámica...

2 Ao empezar a cultivar o terreo, precisáronse novas ferramentas. Para cubrir esta necesidade, confeccionáronse as aixadas e demais ferramentas que facilitaban o traballo.